



## Sala de comunicación

## Actualidade

Notas de prensa

Hemeroteca

Actualidade en imaxes

Actualidade en vídeos

Actualidade en sons

## Videoteca

Plans e actuacións

Consellos de  
GobernoConferencias e  
discursos do  
presidente


## Feijóo salienta que a aprobación dunha nova rebaixa das valoracións de inmobles urbanos fará que os galegos paguen, hoxe, un 50% menos pola adquisición dunha vivenda do que pagaban en 2012

A nova redución, que será aplicable ao segundo semestre deste ano 2015, rebaixará nun 15% adicional as valoracións de inmobles urbanos

Avanza tamén a iniciativa de simplificar desde o 1 de xullo o procedemento de valoración dos bens inmobles urbanos, para que os valores se adapten de forma máis axeitada a cada caso concreto



Volver



Vídeo do presidente da Xunta



Autor: Conchi Paz

**Santiago, 18 de xuño de 2015.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou hoxe na rolda de prensa do Consello que a aprobación dunha nova rebaixa das valoracións de inmobles urbanos fará que os galegos paguen, hoxe, un 50% menos pola adquisición dunha vivenda do que pagaban en 2012. "Aprobamos unha nova redución dos valores medios que gravan os bens inmobles urbanos; é dicir, ás rebaixas aprobadas nos últimos anos sumarase outra nova, que volverá reducir os impostos sobre os bens inmobles, tanto nas transmisións intervivos como mortis causa", aseverou.

Máis polo miúdo, Feijóo precisou que a nova redución, que será aplicable ao segundo semestre deste ano 2015, rebaixará nun 15% adicional as valoracións de inmobles urbanos, de xeito que a diminución nos últimos tres anos situarase no 50%, é dicir, a metade que no 2012. E, por tanto, suporá unha redución adicional dos principais impostos da Comunidade: o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Ademais desta decisión, o titular da Xunta anunciou tamén a iniciativa de simplificar desde o 1 de xullo o procedemento de valoración dos bens inmobles urbanos, para que os valores se adapten de forma máis axeitada a cada caso concreto.

Sobre este punto, subliñou que deste xeito se introduce un novo medio de valoración para os bens urbanos, que se baseará en coeficientes sobre os valores catastrais en función do último ano de actualización das ponencias e da evolución do mercado en cada municipio, o que permitirá acadar valoracións máis individualizadas en cada inmovle.

Feijóo afirmou que a través deste sistema o contribuínte seguirá coñecendo con detalle o valor de mercado dos inmobles con maior transparencia e obxectividade, cun tratamento homoxéneo en todo o territorio, "asegurando a equidade", e coa máxima seguridade xurídica.

"En definitiva, seguimos avanzando nun procedemento máis áxil e máis transparente, cunha norma concreta para calcular os impostos que teñen que aboar na compravenda, herdanza ou doazón dunha vivenda. E, sobre todo, cunha norma actualizada que tende á rebaixa de impostos, como demostra o feito de que hoxe os valores sexan a metade dos que había en 2012", concluíu.

Tema: [Facenda](#)Departamento: [A Presidencia da Xunta](#)Compártao :  